



I CONTROL DE MARCAS LUCUS CAIXA RURAL GALEGA

29 de decembro do 2.017

O club LUCUS CAIXA RURAL GALEGA organiza o **I Control de marcas Lucus Caixa Rural Galega**, o venres 29 de decembro, en xornada de tarde, no *Módulo Cuberto do Estadio Gregorio Pérez Rivera* en Lugo, coa colaboración da Deputación de Lugo, o Concello de Lugo e Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo.

A proba disputarase baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces.

REGULAMENTO

Art.1). Poderán participar todos e todas as atletas federadas/os que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ao longo da tempada actual (2017/2018) por algún club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo, aínda que pertenzan a clubs doutras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos/as ou estranxeiros/as convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas condicións anteriores.
- Atletas de **categoría alevín ata veteranás**.

Art.2). As **inscricións faranse a través da extranet da RFEA:** (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:00 horas do MARTES anterior á data de celebración da proba. **Ás inscricións realizadas fóra de prazo, cobraráselles 5€ coa entrega do dorsal.**

Art.3). O acceso ao módulo será restrinxido, existindo cámara de chamadas. Os/as adestradores/as que queiran acceder, deberán enviar unha mensaxe electrónica ao enderezo atletismolucus@yahoo.es antes do xoves 28 de decembro para recibir acreditación para o acceso ás zonas habilitadas para eles/as.



Art.4). Nas probas de velocidade indicárase a mellor marca. As series realizaranse agrupando aos atletas por marcas, aqueles/as que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente nas demais series.

Art.5). No salto de lonxitude, faranse 3 intentos máis 2 de mellora se o número de participantes é igual ou menor que 14. Se é maior, faranse 4 intentos sen mellora. A táboa de batida estará situada a 1m.

Art.6). Na proba de triplo salto haberá tres táboas, estando a máis cerca do foso a 8m.

Art.7). Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición ata 60 minutos antes da saída de cada proba. **Pasado este período, non se admitirá a participación do/a atleta.**

Art.8). Os e as atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. **O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.** Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal; a organización non facilitará imperdibles.

Art.9). O **HORARIO** de probas será o seguinte:

MASCULINO		HORA	FEMININO	
CATEGORÍA	PROBA		PROBA	CATEGORÍA
Infantil	500 m.l.	16:00	Lonxitude	Alevín
Altura				Infantil
		16:05	500 m.l.	Infantil
Alevín	500 m.l.	16:10		
		16:15	500 m.l.	Alevín
Martelo 6 e 7kg.		16:20	Martelo 4kg.	
Pértega			Pértega	
Infantil	1000 m.l.	16:25	1000 m.l.	Infantil
Infantil	60 m.v. (0.84)	16:35		
		16:45	60 m.v. (0.76)	Infantil
Alevín	Lonxitude	17:00	60 m.l.	Alevín
Infantil				Infantil
Alevín	60 m.l.	17:40		
Infantil				
Disco		18:00	Altura	
2 – 1.75 – 1.5 – 1kg (veterán)				
		18:15	60 m.l.	Cadete
				Senior
Triplo salto		18:30	Triplo salto	



Cadete Senior	60 m.l.	18:40	
		19:30	60 m.l. – FINAL A-B
	60 m.l. – FINAL A-B	19:40	
	Relevo 4x50 valados 0.84	19:50	
		20:00	Relevo 4x50 valados 0.76

Art.10). Será obrigatorio a presentación na cámara de chamadas debidamente acreditados con licenza , DNI ou calquera outro documento con foto, incluídos os que figuran en plataformas informáticas, dentro dos tempos estipulados, para poder participar.

HORARIO DE PECHE DE CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 15' antes da hora oficial da proba

Concursos (agás pértega): 30' antes da hora oficial da proba

Pértega: 45' antes da hora oficial da proba

Art.11). Nas **FINAIS 60 m.l.** clasificaranse as 12 mellores marcas das series previas.

Art.12). A proba de **RELEVOS** será de carácter lúdico. Poderán participar nela atletas de diferentes clubs. Para inscribirse, deberán enviar unha mensaxe electrónica cos integrantes do equipo ao enderezo atletismolucus@yahoo.es antes do MARTES anterior á celebración da proba, xunto coas mellores marcas do 60 m.l. ou 60 m.v. dos participantes. Cada equipo terá dúas rúas, unha de ida e outra de volta, e deberán empregar os tacos na saída. Participarán os 3 mellores equipos de homes e mulleres.

Art. 13). Todo o non exposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F.

En Lugo, 20 de decembro de 2017

Asdo. José Manuel Peña Rodríguez

Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



ORGANIZA:



COLABORAN:

